

LIXIVIA CASEIRA

Aínda que esta lixivia é máis suave, se non sabemos a sensibilidade que temos ao álcali de potasa, hai que tomar medidas, como utilizar luvas e lentes. A cinza pásase por un baruto para separar os anacos de carbón. Outra forma sería deixar que a cinza se afunda e pasar un coador pola auga para recoller os restos de carbón. Mentres máis branca e calcinada está a cinza, mellor deterxente obteremos. Mentres máis dura é a madeira máis forte se consegue a lixivia.

- 1.- Colle unha parte de cinza e pona con 4 partes de auga quente. No verán usando un caldeiro de metal será suficiente con colocalo ó sol.
- 2.- Déixao cuberto cun pano ou tapa de 24 a 48 horas, remexendo ben, polo menos unha vez, durante o tempo de repouso.
- 3.- Decanta o líquido filtrándoo cun pano.

Outra opción é: levar a mistura a ebulición unha media hora. Deixar repousar a cinza de 12 a 24 horas.

*O líquido é escorregadizo ao tacto, o que indica o seu poder como deterxente.

*Unha lixivia máis forte pode ser preparada cunha proporción de 1:3 de cinza e auga.

*A auga de lixivia embotéllase para gardala, evita confusións ao reutilizar botellas usadas (produto tóxico por inxestión)

Usos do deterxente de cinza:

*Lava roupa e todos os utensilios que deban de estar hixiénicos (coadores, panos etc) mesmo en lavadoras automáticas.

*Excelente para a limpeza de verduras frescas, legumes, raíces etc.... Tanto para quitar restos de produtos químicos coma para a limpeza de insectos e outros animais que se encontran habitualmente así como as bacterias daniñas.

*Pode ser empregado para toda a limpeza da casa. Dende a cociña e a vaixela ata a roupa e as estanzas.

LIMPEZA EN PROFUNDIDADE DE UTENSILIOS E TEAS

Este método pódese utilizar para quitar os residuos químicos ou tóxicos encontrados en fibras comerciais naturais, incluíndo o algodón, o liño, o bambú, o cánabo etc. Estes inclúen os compostos indesexables que se puideron utilizar ou formar durante o crecemento, o proceso ou almacenaxe das fibras naturais e os materiais ou os utensilios.

1. A fibra natural ou o utensilio ponse nunha pota e cóbrese cunha solución de auga e lixivia de madeira, lévase a ebulición e ferve a lume lento por preto de 2 minutos, remexendo o material continuamente cunha culler. Quita o material e aclara ben con auga fría.
2. A fibra natural ou o utensilio ponse nunha pota e é cuberta cunha solución de 1/3 dunha cunca de vinagre non pasteurizado por cada 4 cuncas de auga. Déixase repousar a temperatura ambiente de 12 a 24 horas. Quita e aclara ben con auga quente.

USOS DO VINAGRE:

É descalcificador, desinfectante e desincrustante. Como suavizante de roupa: 1 culler por kilo de roupa.

USOS DO BICARBONATO

Para limpar baldosas, mármore de cociña e baño... Alfombras e esteiras: esparéxelle por enriba e retírase co aspirador ao cabo dunha ou dúas horas. Na lavadora (suavizante): 1 cullerada/5 kg. de roupa seca. Pasta dentrífica (ocasionalmente): facemos unha pasta espesa con bicarbonato e auga.

Limpametais: enchemos unha paella con 4 ou 5 dedos de auga, engadimos 1 cullerada de sal e outra de bicarbonato. Fervemos a auga, poñemos os metais (cubertos, etc.), fervémolo 5 minutos, retirámolo e aclarámolo. Latón e cobre: facemos unha pasta a partes iguais de vinagre e bicarbonato.

Neveiras: bicarbonato disolto en auga: 1 cullerada por litro. Aplicar cun pano e aclarar. Tanto diluído en auga como directamente (fondos de potas, tixolas...) pódese empregar para a limpeza de toda a casa en xeral (louza, cubertos, cortinas, roupa etc...)

USOS DO LIMÓN

Zume de limón: quita manchas (graxa) e ten un olor refrescante. O limón é o mellor desodorizante e descalcificador. A súa acidez fai imposible a vida dos microbios que dan mal cheiro. O limón é un bo abrillantador de metais como o bronce e cobre. A pel do limón gardámola na neveira, e cando temos que lavar roupa poñémola dentro dunha bolsa de tea e introdúcese na lavadora. O limón tira ben as graxas, polo que vale para a limpeza de louza, fornos...

DESINFECTANTE TOTAL

En superficies moi contaminadas comprobouse en probas de laboratorio que botar vinagre (branco ou de sidra de mazá) e logo botar auga oxixenada sobre a mesma superficie (ou viceversa) é suficiente para matar todas as bacterias potencialmente malignas. É importante facelo por separado e nunca mesturar ambos os dous líquidos.

RECEITAS:

Deterxente líquido para roupa

- 300 gr. de xabón duro e 2 L de auga
- Aceite esencial de lavanda, mandarina e limón (3 ml de cada un). Podes usar outros aromas que sexan máis do teu gusto.
- Rélase o xabón e disólvese na auga (quentala ata que se disolva de todo). Deixar arrefriar. Incorporar os aceites esenciais e mesturar ben. Deixar arrefriar de todo antes de envasar. En cada lavado emprégase sobre medio vaso (150 ml aprox.). É recomendable non usar suavizante porque é bastante contaminante. (Substituír o suavizante por un chorro de vinagre de viño branco.)

Lavalouza

- 3 culleradas sopeiras de xabón relado e 1 L de auga.
- 5 ml de aceite esencial de limón (gran poder desinfectante)
- Disólvese o xabón na auga (hai que quentalo). Unha vez arrefriado engádese o aceite esencial de limón. Mesturar ata que quede homoxéneo. Como este produto é de uso frecuente, é máis práctico e seguro envasalo en plástico. Aproveita a botella do último lavalouza comercial.

Limpador multiusos

- 800 ml de vinagre de viño branco
- 180 ml de alcohol de 96°
- 9 ml de aceite esencial de eucalipto ou piñeiro e 5 ml de aceite esencial de limón
- Mistúranse todos os ingredientes conforme se introducen no envase. Empregar 2 culleradas sopeiras por litro de auga. Serve para limpar chans (terrazo, gres, parqué, tarima...) mobles da cociña, fogón e frigorífico, mobles lacados, azulexos, etc. Aplicar sen diluír en zonas moi sucias e logo enxaugar.

Limpeza de cristais

- 3 culleradas sopeiras de vinagre de viño branco e 1 litro de auga temperada-quente.
- Preparar e usar o mesmo día que se vaia limpar. Límpanse os cristais cunha baeta e sécanse con papel de xornal. Quedan moi limpos e brillantes.
Observacións: O limpador multiúsos tamén está indicado para os cristais. Se xa o tes, úsao nas doses indicadas.

Limpeza do Cuarto de baño

- Sanitarios: empregar directamente bicarbonato sódico con auga morna. Enxaugar e secar.
- Recantos difíciles (e sucios, claro): 3 culleradas sopeiras de vinagre + 3 culleradas sopeiras de sal mariño: Preparar e usar a mestura o mesmo día da limpeza. Aplicar co estropallo ou un cepillo de pugas fortes. Enxaugar.

Desatascador de canos

1 vez ó trimestre. Engadir na seguinte orde os ingredientes indicados:

- 1/2 cunca de bicarbonato sódico
- 1 puñado de sal mariño
- 1/2 cunca de vinagre

Deixar correr 1 ou 2 litros de auga moi quente

Desaugadoiros obstruídos

- 1 cullerada sopeira de sosa (introducir con coidado no desaugadoiro). Deixar actuar 10-15 minutos Engadir 1/2 litro de auga quente. Coidado con non salpicar. Despois desta operación pódese proceder como no apartado anterior.

Ás veces o que obstrúe os canos é a sosa dos deterxentes, e botarlle máis sosa pode prexudicar. É bo para atoamentos non asociados aos deterxentes.

Limpar mobles de madeira

Pasar unha baeta lixeiramente humedecida, para non levantar o po. Secar se é preciso e listo.

Para nutrir a madeira e achegarlle brillo (1 ou 2 veces ao ano):

- zume de 1/2 limón
- 2 culleradas sopeiras de aceite vexetal

Mesturar o aceite co zume de limón e axitar vigorosamente. Ó final obtemos unha crema untuosa, estupenda para a madeira. Aplícase cunha bóla de trapo en pequenas cantidades, frégase ata a súa completa absorción.

Ambientadores

Para o frigorífico:

- Medio limón (absorbe os cheiros)
- En caso de cheiros persistentes, colocar unha cunca con bicarbonato sódico. Substituílo cando estea prensado.

* Cheiros no cubo do lixo: botar dentro pel de limón ou laranxa. Esparexer bicarbonato polo fondo.

Debido ao feito de que come os cheiros, pode poñer tamén un pouco de bicarbonato no fondo do forno para eliminar o cheiro a queimado. Tamén nos tarros usados nos que houbera algunha substancia moito tempo, para eliminar o sabor e o cheiro.

* Para o fogar:

- Bólas de algodón con 4-5 gotas de aceites esenciais para colocar en caixóns e roupeiros. O aceite esencial de lavanda escorrenta as trazas.
- En humidificadores engádense 5-6 gotas.
- En vaporizadores, botar 5-6 gotas sobre a auga.
- As plantas ou froitos secos imprégnanse cun pouco de aceite esencial (podes aproveitar algunhas piñas de piñeiros recollidas durante un paseo... son moi decorativas)
- Elix os aceites que máis che gusten ou que máis poidan axudarche para un problema de saúde (aromaterapia), (o aceite non debe queimarse por máis de 20 min. xa que pasado ese tempo o efecto é contrario ao buscado).
 - **Aceites estimulantes:** alfábega, xasmín, menta, romeu e Ylang-Ylang.
 - **Aceites relaxantes:** melisa, limón, valeriana, sándalo, bergamota e lavanda.
 - **Aceites que reforzan o sistema nervioso:** xenebreiro, salvia, lavanda e macela.

* Aromatizar o ambiente:

- Ferver canela e cravos a lume lento.
- Vinagre ou bicarbonato nun prato aberto.
- Popurrí de pétalos de flores en recipiente aberto.

*Tratamentos para a couza:

Non usar naftalina, é canceríxena en animais e ata agora non existen estudos en humanos. Pódese substituír por bolsiñas con lavanda seca, tomiño, romeu, etc.